


Movemento Natural da Poboación

COMUNICADO

Continúa o aumento no número de nacementos

Aínda que lentamente, o número de nacementos de nais residentes en Galicia aumentou por terceiro ano consecutivo. Dos 20.987 nacementos do ano 2005, 366 máis ca no ano anterior, 10.814 foron homes e 10.173 mulleres. Este aumento experimentouse en todas as provincias agás en Ourense onde mesmo diminuíu un pouco. O número relativo de nacementos por cada 1000 habitantes foi maior, en xeral, nos concellos costeiros ca nos interiores, aínda que o primeiro posto no ranking autonómico foi para o concello de Ames con 15,57 nacementos por 1000 habitantes. Ségueno os concellos da Illa de Arousa e Soutomaior cuns ratios de 14,54 e 12,93 respectivamente. A influencia da estrutura por idades da poboación nos diferentes concellos é clara.

Nacementos por 1.000 habitantes. Galicia. Ano 2005. Datos provisionais




Fonte: IGE-INE. Movemento Natural da Poboación
INE. Padrón Municipal de habitantes

As nais seguen atrasando a idade á maternidade

Aínda que a porcentaxe foi decrecendo, no 2005 máis do 76% dos nacementos de nais residentes en Galicia corresponderon a mulleres casadas, polo que o atraso na idade ao contraer matrimonio afecta de xeito claro ao atraso da idade á maternidade. Así, no 2005, só un 8,8% dos nacementos foron de nais con idade comprendida entre os 20 e os 24 anos, mentres que fai vinte anos esta porcentaxe superaba o 30%.

Distribución porcentual dos nacementos segundo a idade da nai. Galicia




Fonte: IGE-INE. Movemento Natural da Poboación

Debido á inmigración os nacementos de nais estranxeiras residentes en Galicia aumentan cada ano, aínda que seguen a ser pouco significativos, 1.214 no 2005, un 5,78% do total.

Diferenzas na idade ao morrer entre homes e mulleres

No 2005 houbo 29.044 defuncións de persoas residentes en Galicia, 504 máis ca no 2004. O 30% das defuncións de homes producíronse antes dos 70 anos, mentres que as mulleres que morreron antes dos 70 anos só representaron un 12,6% do total de defuncións femininas.

O saldo vexetativo (a resta dos nacementos menos as defuncións) segue a ser negativo, aínda que mellora lixeiramente respecto a anos anteriores.



Fonte: IGE-INE. Movemento Natural da Poboación

Nova caída do número de matrimonios

No 2005 producíronse 673 matrimonios menos ca no 2004. Nun 45% dos 10.700 matrimonios que fixaron a súa residencia en Galicia, a idade da esposa foi igual ou superior aos 30 anos, dato que contrasta co 20,2% do 1995. Este atraso na idade ao contraer matrimonio tamén se reflicte nos homes, un 46,7% dos que se casaron no 2005 tiñan entre 30 e 39 anos e un 12% fixérono con mais de 40.

Igual que nos nacementos, Ames ocupa o primeiro posto no ranking de concellos segundo número de matrimonios por cada 1000 habitantes cun ratio de 7,29, superando aos de Salceda de Caselas e Soutomaior, que se sitúan nos seguintes postos.

No 2005 producíronse 52 matrimonios de persoas do mesmo sexo

En xullo de 2005 entrou en vigor a Lei 13/2005 pola que se modificou o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, posibilitando a unión en matrimonio de persoas do mesmo sexo. Segundo os resultados provisionais, producíronse dende esa data ata finais do 2005 un total de 52 matrimonios deste tipo, a maioría (37) na provincia da Coruña.

Para máis información:

Movemento Natural da Poboación

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Contacto : <http://www.ige.eu/ga/estructura/contacto/index.htm>

e-mail: ige@ige.eu